1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	Ánxel Casal - Monte Alto	Coruña (A)	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN01	Audioloxía protésica	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0205	Audición e comunicación verbal	2022/2023	0	53	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA SOLEDAD VILA RICO,IAGO PÉREZ RODRÍGUEZ (Subst.)
Outro profesorado	IAGO PÉREZ RODRÍGUEZ

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece os compoñentes do aparello fonador que participan na produción da voz, así como a súa función.
RA2 - Describe os elementos estruturais das linguas galega e castelá en relación coas características perceptivas da persoa hipoacúsica.
RA3 - Identifica o proceso normalizado de adquisición da linguaxe falada na poboación infantil con hipoacusia en relación co desenvolvemento normalizado da linguaxe falada.
RA4 - Identifica os sons da fala nas linguas galega e castelá, e determina a importancia de cada un respecto da perda auditiva.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Describiuse a anatomía da larinxe.
CA1.2 Precisáronse os mecanismos da fisioloxía da larinxe.
CA1.3 Describiuse a anatomía e a fisioloxía do aparello fonoarticulatorio.
CA1.4 Describíronse as teorías de produción da voz.
CA1.5 Enumeráronse as características acústicas da voz.
CA2.3 Describíronse as características fonolóxicas, fonéticas e de redundancia de cada lingua.
CA2.4 Explicáronse os aspectos lingüísticos relacionados coas formas de expresión oral máis frecuentemente utilizados polas persoas con hipoacusia.
CA2.5 Clasificáronse os niveis da linguaxe.
CA2.6 Enumeráronse as teorías acerca do desenvolvemento da linguaxe.
CA3.1 Definíronse as etapas evolutivas do desenvolvemento da linguaxe en cativos e cativas oíntes.
CA3.5 Describíronse as modificacións do desenvolvemento da linguaxe segundo o tipo e o grao de hipoacusia.
CA4.1 Explicáronse os principais elementos acústicos que definen a intelixibilidade da lingua falada.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece os compoñentes do aparello fonador que participan na produción da voz, así como a súa función.
RA2 - Describe os elementos estruturais das linguas galega e castelá en relación coas características perceptivas da persoa hipoacúsica.
RA3 - Identifica o proceso normalizado de adquisición da linguaxe falada na poboación infantil con hipoacusia en relación co desenvolvemento normalizado da linguaxe falada.
RA4 - Identifica os sons da fala nas linguas galega e castelá, e determina a importancia de cada un respecto da perda auditiva.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.6 Relacionouse a anatomía do aparello fonoarticulatorio coa produción de voz.
CA2.1 Clasificáronse os elementos estruturais de cada lingua segundo a súa importancia na comunicación da persoa hipoacúsica.
CA2.2 Clasificáronse os sons da fala de cada lingua respecto dos puntos articulatorios e precisáronse os principais déficits de expresión oral en persoas con perda auditiva.
CA2.7 Explicáronse os aspectos relacionados co bilingüismo galego-castelán.
CA3.2 Considerouse a influencia dos estímulos no desenvolvemento da linguaxe falada.
CA3.3 Relacionouse o inicio da hipoacusia co desenvolvemento da fala en nenos e nenas con hipoacusia.
CA3.4 Identificáronse as implicacións no desenvolvemento da linguaxe falada segundo a idade de diagnóstico e a intervención na hipoacusia.
CA3.6 Describiuse o desenvolvemento cognitivo en cativos e cativas con xordeira.
CA4.2 Clasificáronse os sons da fala en función do seu espectro acústico, e determinouse o seu grao de intelixibilidade.
CA4.3 Interpretouse a curva audiométrica e definíronse correctamente os patróns perceptivos da perda auditiva.
CA4.4 Identificáronse factores non patolóxicos e patolóxicos non auditivos que inflúen na avaliación auditiva
CA4.5 Describíronse as características do material verbal utilizado na logoaudiometría.
CA4.6 Describiuse a estrutura acústica dos sons da fala e especificáronse os límites perceptivos nos graos e nos tipos de hipoacusia.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Son mínimos esixibles :

Para alcanzar a avaliación positiva na proba teórica de Audición e Comunicación verbal o aspirante será quen de:

- Describir a anatomofisioloxía do aparello fonoarticulatorio
- Describir as teorías de producción da voz e as características acústicas da mesma.
- Describir as características fonéticas e fonolóxicas do galego e castelán, así como a redundancia
- Analizar a adquisición e producción da linguaxe e percepción da fala nas diferentes idades no neno normoacúsico e no neno hipoacúsico (tendo en conta o tipo e grado de perda auditiva).

Para alcanzar avaliación positiva na proba práctica de Audición e Comunicación Verbal, o aspirante será quen de:
- Relacionar os elementos do aparato fonador coa produción da voz
-Clasificar os elementos estructurais da fala castelá e galega, describindo as características fonéticas e fonolóxicas da lingua

-Interpretar os resultados das probas audiométricas e relacionalos cos sons cos que vai ter máis dificultade en percibir a persoa con eses resultados, xustificándoo en base aos parámetros do espectro acústico dos elementos da fala.

Tal como consta na orde reguladora das probas libres (Orde do 5 de abril de 2013) a primeira parte parte da proba ten carácter eliminatorio.

A proba práctica consistirá nun suposto práctico , que se desenvolverá nun documento escrito, no que a persoa ten que aplicar as competencias descritas nos mínimos esixibles.
Estas probas serán preferentemente de xeito presencial, mantendo os `protocolos para evitar a transmisión da COVID 19.
No suposto de que a situación sanitaria impedisen as probas presenciais, desenvolveríanse as mesmas de forma telemática. Neste caso avisaríase ás persoas participantes, cun mínimo dun día de antelación sobre data, hora e plataforma empregada, así como se lle pediría autorización para gravar a proba, só co obxectivo de contar con evidencias no caso de discrepancias nas cualificacións.

Cada unha das probas cualifícase entre 0 e 10 puntos, sendo preciso un mínimo de 5 puntos en cada unha delas para facer a media e obter a puntuación global da proba, que será a media aritmética de ámbalas dúas expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.

No caso das persoas aspirantes que suspensan a primeira proba, a cualificación da segunda a efectos de obter a media será de 0 puntos.

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

As cualificacións difundiránse tanto no taboleiro do centro como a través da páxina web do centro, segundo lei 3/2018 de protección de datos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas.
Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4. Caracteríticas da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte terá carácter eliminatorio e consistirá nunha nunha proba escrita de preguntas curtas e/ou test, así como de identificación de estruturas anatómicas que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

As preguntas tipo test poderán ser de resposta única, múltiple ou verdadeiro/ falso, puntuando de xeito negativo aquelas respostas incorrectamente (as preguntas non respostas non descontarán).

A proba teórica terá unha duración máxima de dúas horas.
Esta primeira parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro.

A proba será preferentemente presencial, mantendo as medidas de seguridade para evitar a transmisión da COVID 19, segundo os protocolos das autoridades educativas e sanitarias.
No suposto que a pandemia impida a presencialidade, a proba desenvolverase telemáticamente.

Para a proba presencial:
- Para a realización da proba será necesario bolígrafo azul o negro.
- Está totalmente prohibido o uso / consulta do móbil durante toda a proba e non poderá estar en contacto cos/as candidatos/as.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición enriba da mesa.

No caso de que a proba teña que facerse telemáticamente por mor da situación sanitaria, o alumnado deberá contar con ordeador e conexión á internet.
Tamén deberá idenficarse co DNI ou pasaporte. Así como autorizar a gravación da proba, a efectos de dispor de evidencias en caso de discrepancia na cualificación

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.
Esta segunda parte consistirá na resposta a unha serie de varios suposto/s e/ou problema/s e/ou proba/s práctica/s que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.
Esta segunda parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.
Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web
A proba será preferentemente presencial, agás que o así o indiquen as autoridades educativas e sanitarias, que sería telemática.

Para a proba presencial:
- Para a realización da proba será necesario bolígrafo azul ou negro.
- Está totalmente prohibido o uso / consulta do móbil durante toda a proba e non poderá estar en contacto cos/as candidatos/as.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición enriba da mesa.

No caso de que a proba teña que facerse telemáticamente por mor da situación sanitaria, o alumnado deberá contar con ordeador e conexión á internet.
Tamén deberá idenficarse co DNI ou pasaporte. Así como autorizar a gravación da proba, a efectos de dispor de evidencias en caso de discrepancia na cualificación.